



PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO CURSO 2.019-2.020

**CEIP “PEDRO ANTONIO CERVIÑO”
CAMPO LAMEIRO**

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.

2.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

3.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

4.- DECISIÓN Ó RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

5.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA MATERNA EN EDUCACIÓN INFANTIL.

6.- MEDIDAS ADOPTADAS PARA O ALUMNADO SEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

7.- PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

7.- AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.

8.- COMISIÓN DO PROFESORADO QUE ELABOROU O PROXECTO E APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR.

1.- INTRODUCCIÓN.

No C.E.I.P. "Pedro A. Cerviño" de Campo Lameiro o galego é a lingua utilizada normalmente para a comunicación entre o profesorado e o alumnado e, en xeral, entre tódolos membros da Comunidade Escolar. Tamén é a empregada en tódolos escritos que saen deste Centro.

Labor destacada, aglutinando os esforzos de mestres/as, alumnos/as e demais membros da comunidade educativa, é a que realiza o Equipo de Dinamización da Lingua Galega, que ten como preocupacións fundamentais fomentar o uso do idioma galego en tódalas situacións, a galeguización do ensino respectando a lexislación vixente, dar a coñecer ó alumnado a cultura galega celebrando efemérides tradicionais, festas gastronómicas locais e culturais, elaborando material didáctico en galego e todo aquilo que axude a manter vivas as tradicións e a cultura propias do noso pobo.

Dacordo coa lexislación vixente (Decreto 79/2010 do 20 de maio para o Plurilingüismo), renóvase no presente curso académico este **"Proxecto Lingüístico do Centro"**.

2.- OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Coa elaboración e posta en práctica do presente "Proxecto Lingüístico" pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Utiliza-la lingua galega como medio de comunicación habitual nas relacións entre profesores, alumnos, pais e demais membros da Comunidade Educativa.
- Facer da opción lingüística un medio de expresión derivado de decisións persoais, alleo a ideoloxías políticas e que fomenta o respecto mutuo.
- Dar a coñecer ao alumnado a variedade da cultura galega: costumes, tradicións, lendas, historia, folclore, gastronomía, celebracións e festas,...
- Supera-la discriminación social, individual ou colectiva derivada da infravaloración da lingua galega en algúns sectores sociais ata logra-la normalización plena do seu emprego.
- Lograr que as relacións, tanto orais como escritas, entre o centro, o entorno (pais, nais, institucións, ANPA,...) e mesmo outros colexios de Galicia, se desenvolvan en lingua galega.
- Fomentar entre o profesorado e alumnado a cooperación e participación nas actividades que contribúen ao espallamento da cultura galega.
- Ampliar o coñecemento e enriquecemento do vocabulario e as diferentes variantes dialectais.
- Introducir o uso da lingua galega nos novos recursos tecnolóxicos e informáticos.
- Acadar paulatinamente competencias lingüísticas básicas nos alumnos sen dominio lingüístico nas linguas oficiais, de xeito que poidan seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle impartan.
- Espertar no alumnado unha defensa activa da súa lingua nai.
- Fomentar a creatividade e a lectura en lingua galega.

3.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- Velar polo compromiso de que tódolos comunicados se realicen en lingua galega.
- Manter vivas as tradicións con celebracións como “Magosto”, “Samaín”, “Entroido”...
- Elaboración de unidades didácticas e outro material multimedia en galego.
- Campañas de fomento dos xogos tradicionais galegos: billarda, trompos, mariola...
- Asistencia a actividades culturais que contribúan á promoción da nosa lingua.
- Visitas culturais: parques etnográficos, castros, museos, portos, vilas... e outras instalacións que se signifiquen pola defensa e promoción da cultura galega.
- Intercambios con outros centros de ensino de Galicia.
- Organización de certames de poesía, pintura, narrativa, ensaio,... en lingua galega.
- Mantemento da páxina web, elaborada na súa totalidade en galego.
- Procurar a provisión de fondos bibliográficos e fonográficos en lingua galega.
- Solicitar axudas económicas para actividades que promoven o fomento do idioma galego.
- Fomentar a coordinación entre os equipos para que potencien o uso do idioma nun mesmo ámbito sectorial e con accións concretas e eficaces.
- Animar aos equipos do centro para que a súa acción incida sobre a súa contorna.
- Seguir coa edición da revista dixital en galego.

4.- DECISIÓN Ó RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTEN AS MATERIAS EN EDUCACIÓN PRIMARIA

Na Educación primaria o centro determinou, en cumprimento do indicado no Decreto 79/2010, a seguinte distribución de idiomas e áreas por materia e nivel.

	CN	CS	MT.	LC	LG	EF	EM	EP	REC VSC	PLE	Lc	Total
1º	Galego 2h	Galego 3 h.	Castelá 5 h.	Castel 4 h.	Galeg 4 h.	Castelán 2 h.	Galego 1 h.	Galego 1 h.	Galego 1 h.	Inglés 2 h.	-	Castelá 11 Galego 12 Inglés 2
2º	Galego 2h	Galego 2 h.	Castelá 5 h.	Castel 4 h.	Galeg 4 h.	Castelán 2 h.	Galego 1 h.	Galego 1 h.	Galego 2 h.	Inglés 2 h.	-	Castelá 11 Galego 12 Inglés
3º	Galego 2h	Galego 3h.	Castelá 4 h.	Castel 4 h.	Galeg 4 h.	Castelán 2 h.	Galego 1 h.	Castelán 1 h.	Galego 1 h.	Inglés 3 h.	-	Castelá 11 Galego 11 Inglés 3
4º	Galego 2h	Galego 2 h.	Castelá 4 h.	Castel 4 h.	Galeg 4 h.	Castelán 2 h.	Galego 1 h.	Castelán 1 h.	Galego 1 h.	Inglés 3 h.	Galego 1 h.	Castelá 11 Galego 11 Inglés 3
5º	Galego 2h	Galego 2 h.	Castelá 4 h.	Castelá 4 h.	Galeg 4 h.	Castelán 2 h.	Galego 1 h.	Castelán 1 h.	Galego 1 h.	Inglés 3 h.	-	Castelá 11 Galego 11 Inglés 3
6º	Galego 2h	Galego 3 h.	Castelá 4 h.	Castel 3 h.	Galeg 3 h.	Castelán 2 h.	Galego 1 h.	Galego 1 h.	Galego 1 h.	Inglés 3 h.	Galego 1 h.	Castelá 10 Galego 11 Inglés 3

Seguindo as indicacións da Administración e a normativa aplicable, o material e libros de texto estarán na mesma lingua na que se imparta a docencia en cada área.

5.- CRITERIOS PARA DETERMINAR A LINGUA MATERNA EN ED. INFANTIL

Dacordo co indicado no Decreto 79/2010 do 20 DE MAIO de *o profesorado empregará nas aulas de Educación infantil a lingua materna predominante, tendo en conta a lingua do contorno e coidando que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial. A lingua materna maioritarias será a determinada mediante a enquisa, empregando o modelo oficial, que se entregará ás familias.*

Tendo esto en conta establécense para o C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño as seguintes pautas de actuación para determinar a lingua a empregar nas aulas de E.I.:

- **Entrevista inicial coas familias e enquisa para os pais/nais** (empregando o modelo oficial): antes de que os alumnos/as de tres anos accedan por primeira vez ó Centro, levarase a cabo unha entrevista inicial cos pais do alumnado. En dita entrevista observarase a lingua de comunicación empregada entre pais e fillos, e solicitarase das familias información ó respecto da lingua empregada habitualmente na casa.
- **Observación inicial do grupo de alumnos durante os primeiros días:** mediante a observación dos momentos de comunicación entre iguais por parte do alumnado, obteranse datos relativos ós usos lingüísticos e lingua materna predominante no alumno.
- **Estudio sociolóxico do Centro e o do entorno educativo:** terase en conta a situación lingüística no centro do alumnado en xeral, de xeito que se poidan obter datos relativos á lingua vehicular predominante no Centro. Do mesmo xeito, recabaranse os mesmos datos en relación o contorno educativo do centro (A.N.P.A., entidades colaboradoras, familias...)
- **Outra serie de datos que se poidan recabar ó respecto dos usos lingüísticos e da lingua materna predominante** dacordo a elementos como: o mapa sociolingüístico de Galicia, datos estatísticos oficiais, estudos realizados por diferentes entidades o respecto.
- Cada curso académico farase constar o resultado desta decisión na adenda ao proxecto lingüístico, que será incluída na Programación Xeral Anual.

6.- MEDIDAS PARA O ALUMNADO SEN SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS.

Nos casos nos que un alumno/a non teña o suficiente dominio lingüístico nas linguas oficiais levaranse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a correcta competencia lingüística.

Farase unha avaliación inicial da competencia lingüística do alumno cando chegue ao centro, e contarase coa colaboración das familias, que serán informadas puntualmente, e demais membros do Equipo de Ciclo.

Obxectivos:

- Comunicarse basicamente cos compañeiros e co mestre.
- Perder o medo “a facer o ridículo” falando aínda que cometa erros, recoñecendo que estes erros son os que serven para mellorar as súas competencias.
- Acadar outras habilidades comunicativas non verbais (xestos e outros elementos comunicativos non orais).
- Aceptar a necesidade de falar as linguas do lugar onde viven como “vía” para entablar comunicación e relacións cos compañeiros e cos mestres.

En coordinación co titor, e tendo en conta a idade e coñecementos previos do alumno, atenderase ó seguinte criterio:

- **Priorizar a aprendizaxe da lingua oral sobre os demais obxectivos:** sobre todo aqueles que supoñan o coñecemento da lingua para poderen ser conseguidos. Polo tantos obxectivos relativos a hábitos, normas, valores, colaboración, participación, traballo en grupo... mantéñense no nivel de prioridades indicado na programación. Outros obxectivos poderán ser rebaixados “en prioridade” en relación á consecución das competencias lingüísticas, sobre todo como requisito indispensable para a consecución axeitada de obxectivos nos seguintes niveis educativos.
- En canto as actividades propostas, e sempre tendo en conta os datos obtidos da avaliación inicial terantes os seguintes aspectos:
 3. Buscar una finalidade comunicativa nas tarefas plantexadas.
 4. Empregarase unha linguaxe simple e sen caer no simplismo.
 5. Empregaranse diferentes medios (TIC, audiovisuais...) para acadar os obxectivos propostos.

O titor, avaliará de xeito continuo o proceso de adquisición das competencias lingüísticas, para incluír as melloras que sexan necesarias.

7.- PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

No C.E.I.P. “Pedro Antonio Cerviño”, co obxectivo de dinamizar o uso da lingua galega realízanse diversas actividades, que se especifican nos apartados que se indican a continuación, dirixidas a toda a Comunidade Educativa e coordinadas polo E.D.L.G.

-Actividades no propio centro.

-Celebración das festas populares e tradicionais

-**Magosto:** que se celebra a finais de outubro, con participación dos pais/nais. Na semana do Magosto decóranse os corredores e realízanse traballos alusivos a esta festa: murais, poemas, ensaios, traballos de investigación...

-**Samáin:** arredor das efemérides de Santos e Defuntos, traballamos as cabazas, con certame e premios para as ás mellores.

-**Nadal:** festival no que participa toda a comunidade educativa,. Neste festival faise fincapé na realización de obras teatrais, panxoliñas, poemas... en galego.

-**Entroido:** Elaboración por niveis/ciclos de disfraces para a participación, en comparsas, nun desfile arredor do colexio. Degustación de produtos típicos do Entroido en colaboración coa A.N.P.A.

-**Salón do libro:** Participación por parte dos alumnos de E.I. algúns cursos de Primaria no “Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra”, realizando un traballo sobre o tema proposto cada ano para a súa posterior exposición no Salón e logo na Biblioteca do centro. Tamén se participa nas actividades propostas pola organización do Salón durante a visita ó mesmo (contacontos, títeres, exposición de traballos...) para potenciar o uso do galego.

-**Semana das Letras Galegas:** elaboración de carteis e murais alusivos que se expoñen nos taboleiros do colexio e traballos diversos e de investigación sobre o homenaxeado/a; composición e recitado de poemas e a celebración dun certame literario de narrativa e poesía en galego, en colaboración coa asociación cultural de Campo Lameiro “**O Costado de Couso**”.

-**Emprego de MATERIAL MULTIMEDIA, segundo o indicado no plan de dinamización das TIC, como recurso educativo en galego,este curso académico contamos con EDIXGAL en 5º curso,** tentarase, na medida do posible, introducir na dinámica diaria das aulas materiais informáticos, multimedia e internet en lingua galega.

- **PÁXINA WEB:** a páxina web do Centro utilízase tanto o profesorado coma o alumnado do centro

- Ademais a ANPA tamén dispón do seu recuncho para publicar novas.

<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino>

-Animación á lectura: sesións de **contacontos, conferencias** e emprego dos servizos da **Biblioteca municipal.**

- **Proxección sobre temas etnográficos galegos:** O magosto e o castiñeiro, o Entroido en Galicia, a Festa dos Maios, os castros, especies vexetais autóctonas, prevención de incendios...

-**Edición da Revista Escolar “O Cervo dixital”.** Aquí recóllense case tódalas actividades realizadas no centro durante todo o curso escolar, así como colaboracións literarias e artísticas de diversa índole, participando tódolos/as alumnos/as do colexio.

-

- **Creación da radio escolar, ferramenta indispensable para o fomento da lingua galega.**

-**Emprego da lingua galega na realización das actividades extraescolares.** Organizadas pola A.N.P.A. do noso centro, o longo do curso académico teñen lugar diversas actividades encamiñadas a ampliar a formación dos nosos alumnos/as. A cotío realízanse as de baile galego e pandeireta e outras .

-**Dotación de fondos e diverso material en lingua galega para a biblioteca escolar (libros, revistas, CD, DVD,...).**

-Saídas culturais encamiñadas ó coñecemento da lingua galega e a cultura galegas.

O longo do curso lévanse a cabo unha serie de **saídas culturais**, co coñecemento do Claustro e aprobadas polo Consello Escolar co obxectivo de coñecer e profundizar na cultura galega. Coordinadas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Estas saídas secuencianse ó longo de varios cursos coa finalidade de que os alumnos/as acaden un coñecemento paulatino de Galicia. Como exemplo as realizadas nos últimos cursos:

- Visitas a Santiago de Compostela (Museo do Pobo Galego, Parlamento, Catedral,...)
- Visita a A Coruña (Acuarium, Planetario, Domus, torre de Hércules, ...).
- Visita a O Grove (Acuario, Siradella, Catamarán,...).
- Visita a Ourense (catedral de Ourense, catamarán polo Sil, Manzaneda,...)
- Visita a Lugo (catedral, murallas,...)
- Visitas a Pontevedra (Museo, estación de tren, Salón do Libro, actividades de Caixanova)
- Visita a Vigo (zoo, aeroporto, Samil).
- Excursión ao Parque natural de Corrubedo, dunas, faro, Lagoa de Vixán, Santa Uxía de Ribeira ...
- Saída á vila de Allariz, museos etnográfico e do xoguete, mosteiro de San Pedro de Rocha.
- Visitas a diversos castros como o de Neixón, en Boiro ou de de Broña, en Porto do Son.
- Excursion pola Ría de Muros e Noia, visitando Noia, Muros, Carnota, Cee, Corcubión e Fisterra, así como o castro de Boneiro e o Dolmen de Dombate.
- Outras de diversa índole ao entorno próximo: Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, Observatorio Astronómico de Forcarei, castro de San Antonio de Penalba, granxas, plantacións...
- ...

Participación no PLAN PROXECTA: “**PDC**”, que organiza a Secretaría Xeral para o Deporte, xunto cunha serie de centros da comarca: Forcarei, Soutelo, Cerdedo, Carballedo, Tenorio, Pontecaldelas, A Reigosa e A Lama.

7.- PUBLICIDADE, AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN.

Coa fin de facer chegar o contido deste proxecto a toda a comunidade escolar, poñerase a disposición dos pais e resto da comunidade na páxina web do centro, de xeito que poidan facerse suxerencias que permitan a súa mellora na seguinte revisión do mesmo.

Cada catro anos será reelaborado e remitido á Inspección Educativa, que velará para que o seu contido se axuste ó establecido no Decreto 79/2010 de 28 de maio.

8.- COMISIÓN DO PROFESORADO QUE ELABOROU O PROXECTO E APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR.

O presente documento foi elaborado por unha comisión de mestres designada polo Equipo Directivo oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Na súa composición tivo especial relevancia o coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e as representantes de Ed. Infantil e as dos seis cursos de Primaria.

Foi aprobado polo consello escolar o día 8 de outubro do 2019